



Manual da VPN para Android 4.x/5.x

Instalación

1. Instala a aplicación OpenVPN Connect, que podes atopar [en Google Play](#) (polo de agora, non se publica por outros medios de maneira oficial aínda que é relativamente doado atopala).




2. Se recibiches o arquivo `vpn-udp-22-nome.de.usuario-config.ovpn` (non o que se atopa dentro dun zip, senón o arquivo solto) basta con enviar este arquivo ao dispositivo.
3. Alternativamente, se non tes ese arquivo, envía ao dispositivo todo o contido do arquivo `vpn-udp-22-nome.de.usuario-config.zip` que recibiches por correo electrónico. Verás un arquivo con extensión `p12`, outro `key` e outro `ovpn`. É preciso que os tres estean gardados no mesmo directorio.
4. Arrinca a aplicación OpenVPN Connect e selecciona `Import » Import profile from SD Card`. No navegador de arquivos que se abre, atopa e selecciona o arquivo coa extensión `ovpn` que corresponda.
5. A aplicación tentará atopar a certificación. Debes seleccionar a única opción que debería aparecer e premer en `Permitir`.
6. Introduce o teu usuario do CiTIUS e o contrasinal. Preme en `Conectar`.



- 7. Recibirás unha advertencia sobre o uso desta VPN e a posibilidade de que a aplicación intercepte todas as comunicacións, que debes aceptar.
- 8. Unha vez feito, a aplicación conectarase automaticamente.

Conectarse e desconectarse da VPN

- 1. Abre a aplicación OpenVPN Connect e preme no botón Conectar ou Desconectar. Pode que volvas a recibir a advertencia sobre a posibilidade de que a aplicación intercepte as comunicacións se reinicias ou apagas o dispositivo.



From: <https://wiki.citius.usc.es/> - Wiki do CiTIUS

Permanent link: <https://wiki.citius.usc.es/centro:servizos:vpn:android?rev=1507277579>

Last update: 2017/10/06 10:12

